



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de abril de 2023 (1417/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día once de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleira, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(236).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(237).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS

DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5706/611.

Visto o informe de fiscalización do 11/04/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) (PPT)
- Código Civil (CC)
- Constitución española (CE)
- Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2016/C 202/02)

ANTECEDENTES

O director técnico do servizo de Deportes emite informe, en data 10 de abril de 2023, coa conformidade do xefe do servizo, solicitando ao servizo de Contratación a tramitación dunha prórroga do contrato de servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (expediente 3.275-611). No mesmo pon de releve que está en tramitación un novo contrato para a prestación dos citados servizos, pero o mesmo non foi aínda adxudicado, e non resulta posible facelo antes da finalización do contrato en curso o próximo día 11 de abril. Dado que se trata dun servizo de interese público,



Concello de Vigo

competencia propia municipal a teor dos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.n da LALGA, é necesario continuar coa prestación do servizo para poder manter as instalacións abertas e garantir, por unha banda, o seu uso polos cidadáns, e pola outra, a continuidade das actividades de adestramentos deportivos e competicións de entidades deportivas a nivel nacional, autonómico e local. A suspensión de calquera actividade de competición implica sancións económicas polas federacións ás entidades deportivas, así como, á eliminación na correspondente competición deportiva.

Á vista do exposto, solicita a tramitación dunha prórroga ordinaria, sometida á condición resolutoria do contrato no intre da formalización do novo contrato en licitación. Xustifica a condición resolutoria no feito de que o novo contrato amplía os servizos e as instalacións nos que se prestan, resultando imprescindible para garantir o uso de todas as instalacións deportivas municipais dependentes do servizo de Deportes.

Analizaremos a continuación os antecedentes do presente contrato.

1.- Aprobación do expediente de contratación

A Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), na sesión de 17 de xullo de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (expediente 3.275-611) .

2.- Adxudicación do contrato

En data 25 de febreiro de 2021, a XGL acordou adxudicar este contrato a INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., por un prezo total de 1.202.971,38 euros, cos seguintes prezos unitarios:

- O prezo unitario de hora ordinaria é de 13,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,42 euros.
- O prezo unitario de hora festiva é de 15,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,76 euros.
- O prezo unitario de hora nocturna de 14,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,53 euros”.

3.- Formalización

O contrato formalizouse o día 7 de abril de 2021. Formalizado o contrato comezou a súa execución o 12 do mesmo mes.

4.- Prazo de execución

O prazo total de execución do contrato é de dous anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. A presente anualidade rematará o próximo 11 de abril de 2023.

5.- Modificación

A XGL acordou, o 29 de setembro de 2022, a modificación do contrato. Esta consiste “ (...) no incremento de actividade deportiva na instalación do pavillón de Coia na xornada de mañá e na incorporación de dúas instalacións, Complexo deportivo de Navia e Complexo deportivo de Balaídos”.

A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 92.080,05 euros (IVE incluído), representando un 7,65% do prezo do contrato.

6.- Novo contrato

Na actualidade está en licitación un novo contrato para a prestación do servizo que nos ocupa. O expediente de contratación, 5280-611, foi aprobado pola XGL de 26 de xaneiro de 2023. Na orde do día da Mesa de Contratación do día 13 de abril está incluída a proposta de clasificación.

7.-Prestación do servizo

O servizo de Deportes informa en data 10 de abril que a prestación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes estase a realizar a plena satisfacción do mesmo, consonte ao previsto no prego de prescricións técnicas particulares. Polo tanto, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a formalización da prórroga.

8.- Preaviso

Non se preavisou ao contratista da intención de prorrogar o contrato por canto non estaba previsto facelo, posto que está en tramitación un novo contrato co mesmo obxecto. No entanto, unha vez constatada a imposibilidade de adxudicar o novo contrato con carácter previo á finalización da anualidade en curso do actual, evacúouse trámite de audiencia ao contratista. Este, en escrito de data 4 de abril (documento nº 230083224), mostra a súa conformidade tanto para dita prórroga como para a resolución anticipada da mesma no momento que se formalice o novo contrato agora en licitación. Así, dí que:

“Que habiéndose sido recibida con fecha 04 de Abril de 2023 mediante notificación electrónica, la solicitud de prórroga del contrato del servicio “APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMIENTO E PECHES DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES” ampliando la contratación del servicio por el plazo de un año a partir del 12 de Abril de 2023; y mostrando la conformidad tanto para dicha prórroga como para la resolución anticipada de la misma correspondiente al expediente número 3275-611, en el momento que se



Concello de Vigo

formalice el contrato del objeto de la nueva licitación con número de expediente 5280-611”.

9.- Prezo

Informa o servizo xestor que “Os créditos para financiar a prórroga obtéñense da minoración do importe do contrato que se está a tramitar expd. 5280-611, con cargo a partida orzamentaria 34202279918 sendo necesario realizar documentos económicos por importe de 775.626,72 euros. Atendendo estas cantidades a 601.485,69 do importe inicial do contrato para un ano mais a modificación para un período dun ano que ascende a 174.141,03 €. Coa seguinte distribución de anualidade:

Período	Importe €	aplicación orzamentaria
12/04/2023 a 31/12/ 2023	544.698,44	34202279918
01/01/2024 a 11/04/2024	230.928,28	34202279918

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da prórroga do contrato

O PCAP establece no apartado 7.A da FEC que o prazo total de execución do contrato é de dous anos, prevéndose no apartado 7.C dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

A presente anualidade rematará o próximo 11 de abril de 2023, polo que para continuar a prestación do servizo sería necesario aprobar a primeira das prórrogas previstas, polo período comprendido entre o 12/04/2023 e o 11/04/2024.

De conformidade co disposto no artigo 29.2 da LCSP, a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso se realice cunha antelación mínima de dous meses á finalización da vixencia do contrato. En ningún caso a prórroga poderá producirse polo consentimento tácito das partes. Se ben, a prórroga do contrato en base a esta cláusula non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 da LCSP, por haberse atrasado a Administración no pago do prezo por máis de seis meses”.

No caso que nos ocupa, tal e como se relatou nos antecedentes, non se realizou o preaviso por canto está en licitación un novo contrato co mesmo obxecto que amplía os servizos e as instalacións nas que se prestan. Ante a imposibilidade de formalizar o mesmo con carácter previo a finalización da anualidade en curso do actual contrato optase por prorrogar este polo tempo imprescindible ata a formalización do novo. Esta proposta foi sometida a trámite de audiencia ao contratista, que en escrito de 4 de abril de 2023 manifestou a súa conformidade tanto a prórroga como a resolución anticipada do contrato unha vez se estea en condicións de formalizar o novo contrato.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do contrato, que permanecerán inalteradas durante toda a vixencia da prórroga, segundo o establecido no PCAP.

-II-

Da condición resolutoria do contrato

Tal e como se puxo de releve ao longo do presente informe, o servizo xestor solicita que o contrato se resolva antes do remate da prórroga dun ano que se está tramitando, no intre en que poda formalizar o novo contrato en licitación. Xustifica esta circunstancia no feito de que o novo contrato amplía os servizos obxecto do contrato, ampliando os horarios de apertura das instalacións e incrementando as instalacións incluídas no mesmo. Di o informe de 10 de abril de 2024 que o novo contrato implica unha *“ampliación de franxas horarias con apertura das instalacións dende as 16:00 hrs, incluídos no obxecto do contrato de luns a venres segundo a demanda e o incremento de instalacións deportivas a xestionar, do parque de instalacións do Concello de Vigo, ante a falla estrutural de recursos humanos que ten o servizo deportes concretándose no Complexo deportivo da ETEA de luns a venres, festivos e fins de semana”* (páxina 3).

Con respecto á condición resolutoria, manifesta o citado informe que *“A prórroga quedará sometida a condición de resolución unha vez formalizado o novo contrato expd. 5280-611. A resolución da prórroga ven motivada pola necesidade de formalizar o novo contrato do expt. 5280-611 para poder ampliar os servizos consistente en ampliar os horarios no conxunto das instalacións obxecto do contrato e a prestación no Complexo deportivo da ETEA- “* (páxina 3 final).

Comenzaremos por definir qué é unha condición. Lete del Río dí que a condición *“consiste en someter a la contingencia de un hecho la existencia o la desaparición de los efectos de un negocio, de tal suerte que la relación jurídica condicional es una relación de eficacia incierta, pues sus efectos pueden no llegar a producirse si la condición que suspende no se cumple o por el contrario su cumplimiento destruye los efectos producidos cuando la condición se resuelve”* .

De acordo co artigo 1114 do Código Civil *“En las obligaciones condicionales la adquisición de los derechos, así como la resolución o pérdida de los ya adquiridos, dependerán del acontecimiento que constituya la condición”*. Segundo este precepto, as condicións poden ser suspensivas ou resolutorias, segundo determinen o nacemento da obriga e dos seus efectos, no primeiro caso, ou a extinción e perda de eficacia da obriga de que se trate, no segundo caso. Polo tanto, a condición resolutoria é un evento futuro e incerto do que depende a extinción dun dereito ou dunha obriga.

A fixación dunha condición resolutoria do contrato ten o seu amparo no principio de liberdade de pactos dos contratistas fixado no 1255 del Código Civil, que sinala que *“Los contratantes pueden establecer los pactos, cláusulas y condiciones que tengan por conveniente, siempre que no sean contrarios a las leyes, a la moral, ni al orden público”*. Este principio, no ámbito da contratación administrativa, está recollido no artigo 34.1 da LCSP que determina que *“En los contratos del sector público podrán incluirse cualesquiera pactos, cláusulas y condiciones, siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico y a los principios de buena*



Concello de Vigo

administración". O alcance deste principio é fixado na xurisprudencia do Tribunal Supremo. Citaremos por todas a STS de 29 de abril de 2009 (recurso de casación número 1606/2007) que dí que: "es pacífico en la doctrina científica y reiterado en la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, que el Pliego de Cláusulas administrativas constituye la ley del contrato, con fuerza vinculante para las partes contratantes. Bien lo expresa el Alto Tribunal, por ejemplo, en su sentencia de 9 de julio de 1988: "la contratación administrativa, no obstante sus especiales características, tiene como nota o fondo común con la ordinaria, civil o mercantil, la de ser, ante todo, un concierto de voluntades, en el que las normas fundamentales y en primer término aplicables, son las acordadas por la Administración y el contratista, es decir, las cláusulas del pliego de condiciones aceptado por éste, por los derechos y obligaciones derivados de estos contratos se regulan, ante todo, por lo previsto en el pliego de condiciones publicado para su celebración, como "ley primordial del contrato", resultando obligado, en consecuencia de ello, para resolver las cuestiones relativas al cumplimiento, inteligencia y efectos de un contrato administrativo, el remitirse a lo establecido en el correspondiente pliego".(...) El artículo 1281 del Código Civil, párrafo 1º, establece que "si los términos de un contrato son claros y no dejan duda sobre la intervención de los contratantes, se estará al sentido literal de sus cláusulas"".

No presente caso, proposta a condición resolutoria polo servizo, se lle deu trámite de audiencia sobre a mesma ao contratista, que manifestou a súa conformidade.

En última instancia, a causa de resolución, ao ser aceptada por ambas partes contratantes, podería encaixarse no suposto legal de resolución dos contratos previsto no artigo 211.1.c da LCSP "El mutuo acuerdo entre la Administración y el contratista".

Compre por de manifesto que non é suficiente co acordo das partes para a válida fixación da condición resolutoria ao amparo da liberdade de pactos. É necesario o cumprimento dos límites impostos polo artigo 34.1:

- Que non sexa contraria ao interese público.
- Que non sexa contraria ao ordenamento xurídico.
- Que non sexa contraria aos principios de boa administración.

Analizaremos a concorrencia ou non destes requisitos no caso que nos ocupa.

A resolución proposta non é contraria ao interese público. Antes ben, é de interese público para prestar un mellor servizo a cidadanía ao garantir un maior horario de apertura de instalacións públicas deportivas e un maior número de estas. Circunstancias que non serían posibles de manterse o actual contrato. E recordemos que a "Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre" é unha competencia propia das entidades locais (artigo 25.2.l da LBRL e 80 da LALGA).

A condición resolutoria non é contraria ao ordenamento xurídico. A mesma non viola ningún precepto legal.

Por último, resta analizar se esta condición é contraria aos principios de boa administración.

A boa administración é, por unha banda, un dereito fundamental, dos cidadáns, recoñecido no artigo 41 da Carta Europea dos Dereitos Fundamentais, e por outra, un principio de actuación administrativa. Os cidadáns teñen dereito a esixir un determinado estándar de funcionamento á Administración, e esta, no seu funcionamento, debe rexerse polos principios de actuación recollidos nas normas que a regulan.

A boa administración pode entenderse comprendida, aínda que non a cita expresamente, no artigo 103 da Constitución, cando proclama que "*La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho*". Así mesmo o artigo 9.3 de CE garante a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos. Esta interpretación é proclamada en numerosas sentenzas do Tribunal Constitucional que considera que estes principios, a súa vez, engloban ou se relacionan con outros que se presupoñen ou son consecuencia dos expresamente citados (por todas, STC 77/1985).

No eido da contratación pública, a boa administración se condensa nos principios recollidos no artigo 1 da LCSP:

- Liberdade de acceso ás licitacións
- Publicidade e transparencia dos procedementos
- Non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores
- Integridade
- Eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e á contratación de servizos mediante a exixencia da definición previa das necesidades que se deban satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Coa condición resolutoria pretendida se garante a aplicación destes principios. Aínda que o contrato podería continuar a súa execución, se limita a súa duración e se somete a libre concorrncia, facilitando que outros licitadores teñan a opción de resultar adxudicatarios do mesmo. E por estas mesmas razóns, o presente acordo non é discriminatorio.

Por último, para garantir a publicidade e a transparencia, o presente acordo será publicado no perfil de contratante do concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

En consecuencia, non existe obstáculo en fixar como condición resolutoria do contrato a formalización do novo contrato en licitación, que amplía as prestacións do contrato que nos ocupa, ampliando horarios de apertura e instalacións nas que se presta o servizo, dado que se trata dunha resolución anticipada por mutuo acordo, e que non vulnera os límites do principio da liberdade de pactos establecidos no artigo 34 da LCSP.

-III-

Competencia



Concello de Vigo

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-IV-

Acordo

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (expediente 3.275-611) adxudicado pola Xunta de Goberno Local con data de 25 de febreiro de 2021, a "INTEGRA MANTENIMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L. e formalizado o día 7 de abril de 2021 para o período comprendido entre o 12/04/2023 e o 11/04/2024, consonte ao previsto no apartado 7 da FEC do PCAP que rexe este contrato.

2º.- Someter a prórroga acordada no apartado 1º á condición resolutoria de formalización do contrato dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (expediente 5280-611), polas razóns expostas no fundamento xurídico II.

3º.- Autorizar o gasto por un importe de 775.626,72 euros necesario para desenvolver as prestacións, en función das necesidades, con cargo a partida orzamentaria 3420 2279918 e coa seguinte distribución:

Período	Importe €	aplicación orzamentaria
12/04/2023 a 31/12/ 2023	544.698,44	34202279918
01/01/2024 a 11/04/2024	230.928,28	34202279918

4º.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e publicalo no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(238).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO. EXPTE. 9624/336.

Visto o informe de fiscalización do 10/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 05/04/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Autorizar o gasto de 85.591,28 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO consistente no desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión da xestión do Centro de Usos Múltiples de Vigosónico.

O orzamento para o ano 2023 será 70.029.22 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.99.01 “Gastos de Xestión e mantemento de Vigosónico”.

O orzamento para o ano 2024 será de 15.562,05 euros con cargo 3370.227.99.01 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación.

Anualidades.-

ANO 2023.- 9 meses(20 de febreiro -31 de decembro)agás o mes de agosto.

ANO 2024.- 2 meses(1 de xaneiro-20 febreiro).

ANUALIDADES CON IVE:



Concello de Vigo

ANO	IMPORTE
2023	70.029.22 €
2024	15.562,05 €

2º.- *Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 1 de febreiro de 2023*

3º.- *Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- *Acordo da sesión do 8 de marzo de 2023 polo que non se admite neste procedemento a REGALA MÚSICA, S.L. por ter desvelado o segredo da súa oferta antes do momento da apertura ao incorporar a súa proposición económica no Sobre A, non axustándose aos requisitos de presentación recollidos na cláusula 14 do PCAP e podendo influír na ponderación do xuízo técnico na valoración do sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" (artigo 139 da LCSP e cláusula 15 do PCAP e resolución nº 574/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de 23 de maio de 2019, entre outras).*
- *Acordo da sesión do 16 de marzo de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o límite mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (superior a 20 puntos).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	JUAN PABLO RIVAS PIRES	78,62 puntos
2	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.	72,00 puntos

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JUAN PABLO RIVAS PIRES (**.*31.18*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

Aínda que o licitador xa achegou documentación no sobre A, cómpre indicar:

- Respecto da solvencia económica: a documentación achegada inclúe unha solvencia inferior á esixida no PCAP (70% do valor estimado do contrato: 178.290,48 euros).*
- Respecto da solvencia técnica: a cláusula 8 do PCAP esixe a acreditación dos servizos prestados a organismos públicos mediante un certificado expedido por estes cos datos esixidos na citada cláusula. Non se poden admitir, en consecuencia, notificacións de adxudicación de contratos nin declaracións responsables. Só se terán en conta os servizos prestados nun dos últimos tres últimos anos e aqueles que sexan similares aos do obxecto do contrato (incluídos nos 3 primeiros díxitos dos CPVs previstos no apartado 2 do Anexo I -FEC-). Examinada a documentación presentada, non resulta suficiente a solvencia técnica acreditada polo que deberá completala.*
- Non é preciso que presente novamente o DNI.*

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, JUAN PABLO RIVAS PIRES, o día 29 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de abril de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar JUAN PABLO RIVAS PIRES, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Concello de Vigo

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por JUAN PABLO RIVAS PIREs, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 de marzo de 2023 e 17 de marzo de 2023, respectivamente

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión pola Mesa de Contratación, na súa sesión de 16 de marzo de 2023, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (superior a 20 puntos).

Segundo.- Adxudicar a JUAN PABLO RIVAS PIREs (**.*31.18*) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9624-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 92.286,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.389,73 euros:
 - Parte fixa do contrato: 91.456,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.314,20 euros.
 - Parte variable do contrato: 830,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75,53 euros.
- b) Incrementa a formación dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:
 - Coordinador/a do programa:
 - Informática, en especial en bases de datos, follas de cálculo, deseño de páxinas web, así como en outro tipo de aplicacións e soportes para a xeración de contidos e o seu mantemento na internet:
 - Curso en bases de datos de 50 horas.
 - Curso en follas de cálculo de 150 horas.
 - Curso en deseño de páxinas web de 76 horas.
 - Outros:
 - Publicidade en Internet: Google Adwords de 76 horas.
- c) Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:
 - Coordinador/a do programa: 3 anos.
 - Técnico/a de son: 5 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez